

A top-down view of a wooden desk. On the left, a clear plastic container holds several colorful markers (yellow, pink, blue, green, orange, and dark blue). To the right, an open notebook with cream-colored pages is shown. The left page is blank, while the right page has the text 'O adxectivo' written in a bold, black, sans-serif font, slanted upwards from left to right.

O adxectivo

Esquema

1. Introducción

2. Morfoloxía do adxectivo

2.1. Número

2.2. Xénero

3. Gradación do adxectivo

3.1. Grao positivo

3.2. Grao comparativo

3.3. Grao superlativo

4. Adxectivos explicativos e adxectivos especificativos



I. Introducción

- O adxectivo é unha clase de palabra que expresa **características** atribuídas a elementos designados polos substantivos aos que acompañan.
- O adxectivo ten que **concordar** en xénero e número co substantivo ao que acompaña e realiza a función de **modificador** da frase nominal.



Material explosivo

Nin maxia nin rosas.
Quítalle á historia
acordes de violín.
Porque eu non son
a ratiña presumida,
o cisne inmaculado,
a pomba do parque
que come da man
dun príncipe encantado.
Nin maxia nin rosas...

Carlos Negro, *Penúltimas tendencias*

2. Morfoloxía do adxectivo

2.1. Número

- En canto ao número, o adxectivo segue as mesmas regras de formación do plural que o substantivo.

Formación do plural dos adxectivos	
Os adxectivos rematados en vogal , forman o plural engadindo -s	<i>riquíño → riquiños, alegre → alegres, traballadora → traballadoras...</i>
Os adxectivos rematados en -n forman o plural engadindo -s	<i>Marrón → marróns, san → sans, paspán → paspáns...</i>
Os adxectivos rematados en -r ou -z forman o plural engadindo -es	<i>Falador → faladores, vulgar → vulgares, feroz → feroces...</i>
Os adxectivos rematados en -s , forman o plural engadindo -es .	<i>Escocés → escoceses, chinés → chineses, gris → grises...</i>
Atopamos algúns adxectivos (xeralmente despectivos) invariables rematados en -s , tanto no plural coma no singular.	<i>Baldrocas, bardallas, medicas, cagainas, caguiñas, choromicas, mexericas, papahostias, trampuzas...</i>

2. Morfoloxía do adxectivo

2.1. Número

- En canto ao número, o adxectivo segue as mesmas regras de formación do plural que o substantivo.


Formación do plural dos adxectivos rematados en -L

As palabras monosílabas engaden -es	<i>mol → moles, vil → viles...</i>
As palabras graves engaden -es	<i>difícil → difíciles, inmóbil → inmóbiles...</i>
Os adxectivos graves rematados coa terminación -bel fan o plural en -beis :	<i>Amábel → amábeis, agradábel → agradábeis, incríbel → incríbeis, imposíbel → imposíbeis...</i>
Palabras agudas polisílabas → Cambian -l por -is	<i>azul → azuis, legal → legais, fenomenal → fenomenais...</i>

2. Morfoloxía do adxectivo

2.2. Xénero

- No tocante ao xénero, podemos distinguir dous tipos de adxectivos:



- A formación do xénero dos adxectivos segue as mesmas pautas que o substantivo.

3. Gradación do adxectivo

GRAOS DO ADXECTIVO	
3.1. Grao positivo	<i>Xoana é alta</i>
3.2. Grao comparativo	
☐ Comparativo de igualdade	<i>Xoana é tan alta coma ti</i>
☐ Comparativo de inferioridade	<i>Xoana é menos alta ca Moncho</i>
☐ Comparativo de superioridade	<i>Xoana é máis alta do que parece</i>
3.3. Grao superlativo	
☐ Superlativo absoluto	<i>Xoana é altísima / Xoana é moi alta</i>
☐ Superlativo relativo	<i>Xoana é a máis alta do equipo</i>

3.1. Grao positivo

- O adxectivo en grao positivo expresa unha calidade sen comparala con ningún outro elemento e sen intensificala.

- *Xulián sempre foi mentireiro.*
- *Debedes usar papel reciclado.*



3.2. Grao comparativo

a. Comparativo de igualdade

Construcións comparativas de igualdade

Tan + ADX . + como / coma

Noa é tan alegre coma ti.

Non é tan traballadora como aparenta.

O galego é tan útil coma / como calquera outra lingua.

Tanto (de) + ADX . + como / coma

Ten tanto de simpático coma min.

Ten tanto de traballador como din.

Ten tanto de simpático coma / como de traballador.

N.B. Coma / Como

- **Como + verbo.** Ex. *Tan espelido como dicían*
- **Coma + pronome persoal.** Ex. *Tan espelido coma ti.*
- No resto dos casos podemos empregar *coma* ou *como* indistintamente, aínda que se aconsella o uso de **coma**. Ex. *Tan espelido coma / como o seu irmán.*



3.2. Grao comparativo

b. Comparativo de inferioridade

Construcións comparativas de inferioridade

Menos + ADX . +	ca	+	Pronome persoal. É obrigatorio ante pronomes persoais tónicos e aconsellable nos demais casos, agás ante un verbo en forma persoal.
	do que	+	Verbo
	que	+	Pódese empregar sempre que o segundo elemento non sexa un pronome persoal nin un verbo.

- *O meu xefe é bastante menos traballador **ca** min.*
- *Esa empresa é menos produtiva **do que** din.*
- *Parece menos faladora **ca** María / **que** María.*



3.2. Grao comparativo

c. Comparativo de superioridade

Construcións comparativas de superioridade

Máis + ADX . +	ca	+	Pronome persoal. É obrigatorio ante pronomes persoais tónicos e aconsellable nos demais casos, agás ante un verbo en forma persoal.
	do que	+	Verbo
	que	+	Pódese empregar sempre que o segundo elemento non sexa un pronome persoal nin un verbo.

- *O meu xefe é bastante máis traballador **ca** min.*
- *Esa empresa é máis produtiva **do que** din.*
- *Parece máis faladora **ca** María / **que** María.*



3.2. Grao comparativo

N.B. Conxunción comparativa ca.

Contracción co artigo determinado*.

- ***Ca + o = có***
- ***Ca + a = cá***
- ***Ca + os = cós***
- ***Ca + as = cáś***
-


* Na escrita non é obrigatorio realizar a contracción.

Exemplos:

- ☐ *A anduriña é máis pequena **có** [ca o] paspallás.*
- ☐ *Vigo é algo máis grande **cá** [ca A] Coruña.*
- ☐ *Os meus gatos xa son máis grandes **cós** [ca os] teus.*
- ☐ *Esas galiñas parecen máis boas **cás** [ca as] do meu veciño.*
- ☐



3.3. Grao superlativo



3.3. Grao superlativo

a. Superlativo absoluto

Para crear o superlativo absoluto existen dúas formas diferentes:

a. Forma analítica: o adxectivo é intensificado mediante os adverbios *moi* ou *ben*. Tamén pode facerse mediante a repetición do adxectivo.

- *É moi traballadora.*

- *É ben curiosa.*

- *É lista, lista.*

b. Forma sintética: o adxectivo é intensificado mediante a unión dun sufixo (xeralmente *-ísimo*, ás veces *-érrimo*) ou dun prefixo (coma *hiper-*, *super-*, *extra-*, *requete-*, *arqui-*).

- *Boísimo, paupérrimo, hipersimpático, supercariñoso, requetelista...*

3.3. Grao superlativo

Formación do superlativo absoluto sintético	
Sufixo -ísimo	<i>Grande → grandísimo, lista → listísima, claro → clarísimo...</i> * Nalgúns adxectivos, o sufixo -ísimo engádese á raíz culta: <i>fiel</i> → <i>fidelísimo</i> , <i>nobre</i> → <i>nobilísimo</i> ...
Sufixo -érrimo	Hai unha serie de adxectivos que engaden o sufixo -érrimo cando se usan en rexistros elevados: <i>pobre</i> → <i>paupérrimo</i> , <i>célebre</i> → <i>celebérrimo</i> , <i>salubre</i> → <i>salubérrimo</i> , <i>pulcro</i> → <i>pulquérrimo</i> , <i>mísero</i> → <i>misérrimo</i>
Prefixos	hiper- → <i>hipercaro</i> , ultra- → <i>ultrafamoso</i> , extra- → <i>extrasuave</i> , super- → <i>superamable</i> , arqui- → <i>arquicoñecido</i> , requete- → <i>requeteguapo</i> ...
Restos de formas latinas	<i>grande</i> → <i>máximo</i> , <i>pequeno</i> → <i>ínfimo</i> , <i>mínimo</i> , <i>bo</i> → <i>óptimo</i> , <i>malo</i> → <i>pésimo</i>

3.3. Grao superlativo

b. Superlativo relativo

O superlativo relativo atribúe a un substantivo o grao máximo dunha calidade en relación cos demais con quen se pode comparar. Constrúese seguindo estes esquemas:

ARTIGO + MÁIS / MENOS + ADJECTIVO [+ DE 2º termo]

É o máis traballador [da clase]

Son os menos aburridos [da televisión]

ARTIGO + SUBSTANTIVO + MÁIS / MENOS + ADJECTIVO [+ DE 2º termo]

É o rapaz máis traballador [da clase]

Son os programas menos aburridos [da televisión]

4. Adxectivos especificativos e explicativos

Atendendo ás calidades que expresan con respecto ao substantivo distinguimos:

a) Adxectivos especificativos: expresan calidades que definen e individualizan o substantivo.

- *Lapis pequeno* (un lapis pode ser pequeno ou grande, o adxectivo individualiza ao substantivo)
- *Papel azul*

b) Adxectivos explicativos ou epítetos: expresan calidades implícitas nos substantivos sen achegar ningún trazo novo.

- *Duro ferro* (o ferro sempre é duro)
- *Branca neve*

